

Mirando xuntos

Guía de estimulación visual de 0 a 3 anos



Intervención en Atención Temprá

Intervención en Atención Temprá
Guías para familias de nenos con discapacidade visual

Mirando xuntos: guía de estimulación visual de 0 a 3 anos

Primeira edición: xuño de 2021

© **Desta edición:**

Organización Nacional de Ciegos Españoles (ONCE)
Dirección General de la ONCE. Dirección de Educación, Empleo y Braille
Calle del Prado, 24; 28014 Madrid (España)

Edita:

Dirección de Educación, Empleo y Braille. Dirección General de la ONCE

Colaboradores desta guía (Servizo de Atención Temprá do CRE da ONCE en Barcelona):

Margarita Albertí Boada — Mestra.
Josefina López Sendros — Mestra.
Pepi Marqués Bru — Mestra.
Laura Nadal Fiol — Mestra

Coordinadora desta guía: Montse Morral Subirá, mestra.

Colaboradores da colección:

Pilar Carballo Lado — Pedagoga do CRE da ONCE en Pontevedra..
María Dolores García Payá — Mestra do CRE da ONCE en Alacante.
Francisco López Montellano — Mestre do CRE da ONCE en Madrid.
Montse Morral Subirá — Mestra do CRE da ONCE en Barcelona.
Coral del Pilar Regidor Poyatos — Mestra do CRE da ONCE en Sevilla.

Coordinadora da colección: M.^a Ángeles Lafuente de Frutos, técnica do Departamento de Atención Educativa da Dirección de Educación, Emprego e Braille da ONCE.

Ilustracións de Mariona Coma Segalés.

Deseño e maquetación: Francisco Javier Martínez Calvo.

Recoñecemento-NonComercial-SenObraDerivada · CC BY-NC-ND



Esta licenza Creative Commons permítelle descargar a guía e imprimila para o seu uso persoal, así como compartila con outras persoas, sempre que se recoñeza a súa autoría. Non permite cambiar de ningunha maneira o seu contido nin utilízalo comercialmente.

O material de estimulación que se propón nestas guías foi seleccionado cunha finalidade terapéutica. Dadas as características da poboación á que vai dirixido, para garantir a seguridade e previr accidentes, débese utilizar unicamente baixo a vixilancia e a supervisión dun adulto.

A ONCE adquiriu un compromiso firme na defensa e a aplicación efectiva do principio de igualdade entre mulleres e homes e entende que debe velar polo uso dunha linguaxe non sexista na comunicación interna e externa da Organización. Para iso, tenta recorrer a técnicas de redacción que permitan facer referencia ás persoas sen especificar o seu sexo. Con todo, nos documentos normativos en ocasións é necesaria a utilización de termos xenéricos, especialmente nos plurais, para garantir a claridade, o rigor e a facilidade de lectura, sen que isto supoña unha ignorancia en canto á necesaria diferenciación de xénero, nin un menor compromiso da Institución coas políticas de igualdade e contra a discriminación por razón de sexo.

Índice

Presentación das Guías para familias de nenos con discapacidade visual	4
As guías	4
Que senten os padres ao ter un fillo con discapacidade visual?	5
Que significa non ver ben?	5
Que me axuda a ver mellor?	5
Quen nos pode axudar?	5
Do nacemento aos 6 meses	6
Dos 6 aos 12 meses	6
Dos 12 aos 18 meses	8
Dos 18 aos 24 meses	9
Dos 24 aos 36 meses	10

Presentación das Guías para familias de nenos con discapacidade visual

Tras a análise e a valoración realizados en cursos pasados sobre a situación actual da intervención educativa da ONCE, a través dos seus cinco Centros de Recursos Educativos (en diante, CRE) e os Equipos Específicos de Atención Educativa á Discapacidade Visual, creáronse varias comisións ou grupos de traballo. A comisión encargada da Atención Temperá está composta polos cinco enlaces do Grupo Dinamizador da Atención Temperá da ONCE (Grupo DATO) nos CRE da ONCE e a coordinación deste grupo dende a Dirección Xeral desta Entidade.

Un dos obxectivos que se expuxo dende esta comisión foi elaborar unha serie de documentos, en forma de guías dirixidas ás familias, para acompañar a intervención dos profesionais cos nenos atendidos nos servizos de atención temperá e de apoio á educación infantil. Para iso, contouse coa colaboración dos seminarios para a Atención Temperá en cada un dos CRE.

O obxectivo é contribuír á intervención en atención temperá dos nenos e das nenas con discapacidade visual, ao apoio directo a esta poboación e ás súas familias e como recurso educativo para os seminarios de atención temperá nos CRE, para promover o traballo en rede e a posibilidade de seguir compartindo materiais, documentación e información, sendo un recurso máis de apoio para profesionais. Confiamos en que estas accións de difusión contribúan a visibilizar a Atención Temperá, as necesidades do persoal profesional implicado, o tipo de intervención que debe desenvolverse e os recursos necesarios para facelo.

As guías

As guías que agora presentamos van dirixidas especialmente ás familias, aínda que o seu contido é tamén de interese para os profesionais. Son as seguintes:

- **Guía *Imos xuntos para un primeiro achegamento das familias á atención temperá.*** Esta guía diríxese aos pais de nenos con cegueira ou con deficiencia visual grave, co afán de ofrecerlles apoio dende o mesmo intre en que sospeitan ou reciben a noticia de que o seu fillo padece unha afección visual.
Os profesionais do servizo de Atención Temperá apoian as familias dedicando todo o seu esforzo e experiencia a lograr que se sintan capaces de identificar e de interpretar correctamente os estados emocionais e as necesidades dos seus fillos a través das súas condutas e, así, afrontar a tarefa vital que supón a crianza, con confianza e plena de satisfaccións.
- **Guía de autonomía *Camiñando xuntos.*** Esta guía pretende orientar ás familias e ós profesionais no desenvolvemento dos hábitos na alimentación, o aseo, o vestido e a orde, así como de aspectos relacionados coa mobilidade para favorecer a autonomía en idades de 0 a 6 anos. «Os nenos non terán éxito grazas ao que fagas por eles, senón grazas ao que lles aprendas a facer por si mesmos» (Ann Landers).
- **Guía para a estimulación visual *Mirando xuntos.*** Esta guía vai dirixida ás familias e ós profesionais que interactúan con nenos que teñen un déficit visual grave. Propón un achegamento sinxelo e comprensible aos factores básicos que habemos de ter en conta na evolución do bebé con baixa visión a través de recursos, xogos e elementos básicos que son estimulantes para o resto visual do neno. Este traballo é froito do estudo, a experiencia e a reflexión continuados dos profesionais dos servizos de Atención Temperá da ONCE.

Así mesmo, o obxectivo é dar a coñecer os servizos que ten a ONCE para poder traballar e acompañar as familias neste percorrido, ofrecendo un soporte individual para cada unha delas a través do coñecemento, a observación e o traballo directos co grupo familiar e en particular co seu bebé.

Que senten os padres ao ter un fillo con discapacidade visual?

Papás nótovos tristes, desorientados, ás veces con moitas dúbidas e preguntas. Podedes sentir que non sabedes como tratarme. Teño discapacidade visual, pero son un neno coas mesmas necesidades que os outros. Aínda que esteades apenados: abrazádeme, mirádeme, faládeme. Aos poucos, irémonos coñecendo mellor e será máis doado. Quérovos moito!

Que significa non ver ben?

Acábanvos de dicir que non vexo ben; escóitovos falar entre vós e tendes moitas dúbidas. A visión que teño é moi reducida e pode que os primeiros meses a use pouco. Lévame moito esforzo fixar a mirada; o teu rostro está borroso, mamá, porque non podo enfocar ben a vista e non podo seguirte cando te moves rápido e a distancia. Por iso necesito a túa axuda.

Que me axuda a ver mellor?

Papás, nacín cunhas preferencias visuais que, se as tedes en conta cando xogades comigo ou cando me falades, farán que poida ver mellor: o contraste, o movemento, a forma redonda e a distancia curta axudaranme a percibir mellor o que me rodea.

Quen nos pode axudar?

Tedes que saber que hai persoas e servizos por todo o territorio español que nos poden apoiar: son os Servizos de Atención Temperá da ONCE.

Á vosa beira estará un profesional para vos escoitar e acompañar; facilitaravos o camiño para descubrir o mundo dunha forma diferente.

CRE da ONCE en Alacante	965 267 000
CRE da ONCE en Barcelona	932 381 111
CRE da ONCE en Madrid	913 535 600
CRE da ONCE en Pontevedra	986 856 200
CRE da ONCE en Sevilla	954 989 311

Do nacemento aos 6 meses

Necesito mirar a túa cara, saber como es... Necesito mirar a túa cara, saber como es... Achégate moito, xesticula cando me fales, abre amodiño a boca, saca a lingua, fai peidorretas... Ás veces pode darche a sensación de que non miro para ti... podo ter problemas para enfocar... teño que adaptar os meus ollíños e a miña cabeza para poder ver... Ao principio, mirarei o teu cabelo, o contorno da túa cara ou os beizos ao moverse. Canso moi rápido, pero terte preto e empezar a ver o teu rostro faime moi feliz.

Oír a túa voz achegándose anticipame e **avísame** de que vés xogar comigo. Amósasme unha bóla brillante que me chama a **atención** e que, ao mesmo tempo, podo **fixar** coa mirada, aínda que só sexan uns segundos. Se moves moi preto de min unhas teas contrastadas ou de cores moi vivas, axúdasme a saber que os meus ollíños poden ver polos lados e, se as toco, saberei que son suaves. Que divertido!!!

Os contos despregables, con círculos, raias e figuras redondas moi sinxelas e contrastadas axúdanme a **fixar** e a empezar a facer os **seguimentos visuais**. Se os poñedes en horizontal, poderei empezar a mover os ollíños coma se mirase un conto, e se os poñedes en vertical, tentareino facer de arriba para abaixo. Que difícil é..., canso, pero coa vosa axuda conseguireino!!!

Os obxectos ou os xoguetes alongados de cores brillantes, coma cintas de cores, tubos, paus que non pesen, gústanme moito; se mos achegades, se cadra pódoos coller, podo poñelos na boca e achegalos moito aos ollíños.

Vaia, pódoo facer todo á vez: mirar, tocar, escoitar e probar; lembrede, papás, que estes materiais que me axudan a ver mellor non son xoguetes, así que me teredes que vixiar cando estea a xogar con eles.

O meu corpo cada vez está máis forte, aguanto máis a miña cabeza e empezo a querer moverme polo chan; tento darme a volta cara a un lado e a outro e gústame empezar a sentar entre os vosos brazos ou con apoios. Moverme resúltame pracenteiro!!! Axudademe a practicar: cando estea no chan, poñédeme para un lado e para o outro, algúns obxectos moi atractivos para que eu os poida ver ben, e así poder alcanzalos. Se me achegades unha bóla brillante e logo a desprazades por riba dos meus ollíños, contribuídes a fortalecer a miña cabeza para poder mantela ergueita máis tempo.

Dos 6 aos 12 meses

Como me gusta poder cambiar eu soíño de postura! (Boca arriba, boca abaixo, sentado...). Aprendo a **recoñecer** os obxectos dende diferentes ángulos de visión. Tamén vou sendo consciente das distancias, e cada vez organizo mellor os meus movementos para conseguir chegar ao meu obxectivo. Cando xa empece a reptar e, un pouquiño máis tarde, a gatear, poderei achegarme máis rápido aos obxectos e descubrir todo o que hai na casa, no parque, na casa dos avós... É o momento de que vaias dicíndome o nome de cada cousa para empezar a **recoñecelas**. Axúdame a fixarme nos seus detalles mirando e

tocando ordenadamente. Acompáñame a experimentar con elas; irei dándome conta das súas características (cor, forma, tamaño, temperatura, peso...) e das diferenzas que hai entre elas. Lograr **discriminar** unha cousa da outra axudárame a saber o que quero, o que me gusta, o que me dá medo... Aos poucos saberei **identificar** as que son miñas, as que podo usar e as que son perigosas para min.

Ilustración 1. Familia co seu bebé



Todo isto non é tarefa doada nin rápida! Terás que repetirmo varias veces, darme tempo para que free o movemento, para que sente, alcance o obxecto, o achegue aos ollos e o poida tocar. Axudaríame que houberse poucos obxectos no espazo: así podería manter mellor a **atención visual** en cada un.

Ao principio, hai que ter un pouco de paciencia comigo, pois cústame un pouco estar quieto: hai tantas cousas novas que quero ver e tocar! E é tan guai poderme mover!... Pero non te preocupes, mes a mes verás como mellora a miña atención. Só con localizar cos meus ollos o obxecto e agarralo, xa estou a facer un traballo moi importante de **coordinación ollo-man**.

Non teñas medo de que poida moverme só, ir de aquí a alá, da cociña ao comedor ou ao meu cuarto. É importante que coñeza o lugar de cada cousa, o preto ou lonxe que está, o tempo que necesito en chegar, os sitios polos que hei de pasar... Utilizando a miña **memoria**, irei **visualizando** e lembrando os obxectos e o seu lugar; aínda que non os vexa, saberei atopalos.

Día a día, aprenderei como pedirche aquilo que quero ou necesito, acompañarei as miñas primeiras palabras sinalando o que quero en cada momento; isto facilitarache moito a tarefa! Pero non mo alcances todo, deixa que sexa eu quen o logre, necesito ter éxito nas miñas tarefas para sentirme seguro e feliz.

Ilustración 2. Mamá xogando co seu fillo



Dos 12 aos 18 meses

Xa son un pouco máis grande. Empecei a camiñar ou fáltame moi pouquiño. Móvome moito e durmo menos durante o día. Isto permítame descubrir o mundo que me rodea. É fascinante!, todo é interesante! Encántame estar convosco, papás, pero empezo a interesarme polas demais persoas. Cando saio á rúa, gústame **mirar con atención** a xente que pasa e me saúda. Apréndeme a imitar xestos (dicir adeus, dar bicos coa man...). Divírteme que mos repitas infinitas veces. Gústame ter a **atención** posta en todo o que pasa ao meu redor, quero **percibir todos e cada un dos detalles**; as expresións do teu rostro danme seguridade: nalgunhas situacións, dinme como debo actuar.

Na casa podo xogar un anaquiño só. Encántame abrir os caixóns e meter cousas neles. Se me deixas botellas ou tarros de plástico e tapas, divertireime tentado metelos dentro; aos poucos, irei mellorado a **coordinación ollo-man**. Podo facer pequenas torres con obxectos grandes; se ti o fas primeiro, é máis divertido e podo copiar os teus xestos, es o meu modelo. Tamén me gusta xogar con obxectos que se achegan e se afastan de min, podo **seguir visualmente** o seu percorrido e **enfocar os ollos** a diferentes distancias. Se queres, podemos xogar a pasarnos o balón ou o coche, asegúroche que non te vas aburrir!

Recoñezo algunhas das miñas cousas: o meu chupete, o meu biberón e, mesmo, se me ensinas o cueiro, saberei que vas cambiarme. Se me achego, percibo mellor os detalles, podes axudarme explicándome en que debo fixarme para **diferenciar** a miña culler da do meu irmán. Se tes un anaquiño, séntame no teu colo e amósame fotos da familia, explícame e sinala que ves ti, e deixa que me achegue a comprobalo. Podes probar con contos onde saian nenos coma min, con poucos debuxos e grandes.

Podo facer xa algunhas cousas eu só. Déixame probalo, non vou atinar e quizais me enfade, pero así vou aprendendo, e os dous sabemos que son capaz de moitas cousas. Ten paciencia, sei que vou amodo, pero non teño présa. Se me deixas, podo empezar a comer só usando a culler (poñereime perdido, xa o sabes), podo gardar algún xoguete no seu caixón ou traerche algo que me pidas.

Aprendo a desprazarme polo espazo, a evitar os obstáculos, a **coordinar a miña visión en movemento e a relación espacial que hai entre os obxectos e eu** (a que distancia están, o tempo que necesito para chegar a eles, se chego ao lugar pero non podo alcanzalos...).

Ilustración 3: Pagá xogando ao balón co seu fillo



Dos 18 aos 24 meses

Síntome cada día máis seguro nos meus desprazamentos. Encántame camiñar, moverme por toda a casa ou, mesmo, pola rúa, onde me atrevo a afastarme uns pasos de vós; pero aínda vos necesito moito. Por exemplo, cada vez que no chan haxa un cambio de cor, de superficie ou un chanzo, é importante que me indiquedes que debo parar e comprobar deslizando o meu pé se existe ou non un realce, porque pode ser que non **discrimine** ben e, se avanzo, puf!, tropece. Aprendédeme tamén a subir e baixar escaleiras. Ao principio, dádeme a man e, máis adiante, amosádeme como usar a varanda. Tede coidado: cada vez me chama máis a atención subir e baixar do sofá, da cadeira de brazos ou da vosa cama; por iso, o mellor é que me deades estratexias para evitar que rompa a cachola.

Aínda que xa podo quedar algúns intres eu só, a verdade, prefiro estar ao voso lado. Imos aproveitalo! **Imitar**, descubrir o nome das cousas, como se usan, para que serven, de que material están feitas... son algunhas das capacidades (**discriminar, recoñecer, identificar**) que irei desenvolvendo ao longo destes

meses. Por iso, propóñovos que aproveitemos os momentos do aseo, cando me vestides, preparades a comida, limpades a casa... para explicarme os utensilios reais e, sobre todo, experimentar con eles. Será divertido cocíñar uns garavanzos, collelos entre os meus dedos: son pequenos, pero esforzareime por velos, porque vós estades ao meu lado animándome. Pasearme cun trapo e unha escoba, xogar con friameiras, botellas e caixas baleiras a sacar e meter obxectos; encántame manipular e exercitar a miña **coordinación ollo-man!**

Tamén debedes falarme moito e moi ben, a miña linguaxe está en explosión e divírteme repetir todo o que escoito. Por iso, non deixedes de cantarme cancións e de lermes contos. Encántame que me sentedes no voso colo, escoitar a vosa voz e que me ensinedes as páxinas do libro con debuxos sinxelos, grandes, contrastados e con fortes cores. Tamén me encanta mirar fotografías convosco, os meus irmáns, avós e que as miñas cousas sexan as protagonistas. Fixádevos: aprendo a estar **atento**, a **mirar**, a escoitar, a **identificar** imaxes, aprender palabras novas e, mellor aínda, a divertirme canda vós!

Ilustración 4. Lemos un conto



Dos 24 aos 36 meses

Xa camiño e gústame poder coller cousas. Por iso, pon os meus xoguetes favoritos á altura dos meus ollos e ao alcance das miñas mans para que así poida velos e teña curiosidade, pero déixame só dous ou tres xoguetes para que poida elixir con **atención** e tranquilidade. Cando imos á rúa e a xogar ao parque gústame que me expliques as cousas que teño preto, e así vexo, moitos días, as árbores da miña rúa, a papeleira onde tiro o papel do caramelo, vexo o banco onde sento a descansar, vexo a que xogan os meus amigos... Gústame xogar con eles; eu achégome un pouquiño para velos mellor. Sinto moita tranquilidade cando sei que son as cousas que me rodean e quen son as persoas que falan comigo: así podereinas saudar outro día. Se atopo un bordo ou tropezo con algo,

ás veces asústome, pero, cando ti mo explicas, vou aprendendo e lembrando os lugares polos que pasamos e síntome seguro.

Gústame moito imitarte; hoxe vou cociñar macarróns na miña cociña. E xa podo quitar eu só a roupa e os zapatos e gardalos no seu sitio, porque ser ordenado axudame a atopar sempre as miñas cousas. Fágoo amodiño, porque quero aprendelo ben. Pásoo moi ben cando te axudo a gardar as cousas que compramos.

Gústame moito facer construcións, cada vez son máis complexas!!! Poñer e sacar os gobeletes, montar unha torre... Xoga comigo e dime de que cor queres que faga a torre. Axúdame un pouco a buscar ese cubo, sinálao co dedo, leva a miña man preto de onde está... Tamén me gusta moito cando miramos as fotografías da miña familia e dos meus amigos. Amósame fotos ben contrastadas e cunha soa persoa, que se lle vexa ben a cara; gústame **discriminar** e sinalar os detalles do seu pelo, as súas lentes... Encántame **buscar** os meus personaxes e obxectos favoritos nos contos, amodiño e fixándome ben. Encántame que mos expliques ti. Elixo os que teñan poucas imaxes, sinxelas e claras; se hai moitos debuxos, mestúranse. Xa podo **identificar** algunha foto dos meus obxectos e xoguetes preferidos: a miña culler, o meu osiño, o meu babeiro...

Gústame esborranchar, identificar e imitar algunha forma (un círculo, liñas...); cun rotulador ou un lapis moi escuro vereino mellor. Tamén os quebracabezas nos que poida encaixar un círculo, un cadrado ou outras formas sinxelas. Pásoo moi ben cando me pides que emparelle dous obxectos ou fotos iguais. Axúdame a **discriminar se son iguais ou diferentes**. Así vou practicar moito a **coordinación ollo-man**.

Ilustración 5: Familia cociñando



**A vosa dedicación, axuda e comprensión do que necesito
en cada momento anímame a descubrir,
coñecer e experimentar todo o que teño ao meu redor.
Vós dádesme confianza e facedes que me sinta cada vez
con máis seguridade para avanzar, aos poucos,
cara aos meus novos retos.**



Intervención en Atención Temprá

